



## **Bases para a concesión de subvencións a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan acción no eido da Cultura.**

### Art. 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais dirixidas ao apoio e promoción da Cultura en todas as súas facetas, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, non discriminación e igualdade, para a realización de actividades que contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas do Concello, a realización de actividades culturais que complementen as atribuídas á competencia municipal e, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses culturais peculiares do municipio.

As accións financiadas coa subvención que se perciba ao abeiro desta convocatoria deberán executarse con estrito sometemento á normativa vixente que sexa de aplicación, tanto desde o punto de vista fiscal como laboral, e outros de semellante natureza.

O procedemento de concesión desta subvencións tramítase en réxime de concorrència competitiva, de acordo co art. 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, mediante a comparación das solicitudes presentadas seguindo os criterios de valoración establecidos nestas bases.

### Art. 2.- CONCEPTO DA SUBVENCIÓN

As axudas que se conceden terán carácter de subvención, entendese por subvención monetaria realizada polo Concello de Barbadás para a realización de actividades culturais que complementen os atribuídos á competencia municipal e, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses culturais peculiares do municipio.

### Art. 3.- EXISTENCIA DE CRÉDITO

A concesión de subvencións a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan acción no eido da Cultura está supeditada á contía especificada na partida 334.480.03 dos presupostos xerais do Ilmo. Concello de Barbadás para o exercicio 2024, que conta cun orzamento de 7.000 €.





# Concello de Barbadás

A tramitación do procedemento de concesión das subvencións a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan acción no eido da Cultura realizase de acordo coas normas que establece a Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Barbadás publicada no B.O.P. de Ourense o 25 de setembro de 2017.

Segundo o previsto no art. 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. Enténdese que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución das actividades subvencionadas.

## Art.4.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

En aplicación da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a competencia para a concesión de subvencións corresponde ao alcalde/sa ou ao órgano que sinalen as bases de execución do orzamento ou os acordos de delegación de competencias, cando non superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento; no resto dos casos o órgano concédente será o Pleno.

## Art. 5.- BENEFICIARIOS

Serán beneficiarios desta subvención asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que realicen actividades culturais que complementen os atribuídos á competencia municipal e, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses culturais peculiares do municipio.

Os peticionarios de axudas para a realización de actividades culturais deben cumprir as seguintes condicións:

- Ser unha asociación cultural con domicilio social no Concello de Barbadás e realizar actividades de interese municipal e que se atopen debidamente inscritas como Asociación Cultural no Rexistro Municipal de Entidades.
- Carecer de fin de lucro.
- Desenvolver as súas actividades culturais no termo municipal de Barbadás.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Barbadás.
- Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.
- Ter como obxecto social principal a realización de actividades culturais polas que se solicita a subvención.





# Concello de Barbadás

## Art. 6.- OBRIGAS

Son obrigas dos/as beneficiarios/as:

- 1.- Gastar o total da subvención concedida na realización de actividades culturais.
- 2.- Estar ao día no pago de impostos municipais.
- 3.- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas que financien os gastos subvencionados.

## Art. 7.- FINANCIAMENTO

- 1.- As axudas serán incompatibles con calquera outra axuda que puidera percibirse coa mesma finalidade de outras institucións públicas ou privadas.
- 2.- Ningunha entidade poderá percibir ao abeiro desta convocatoria unha contía superior a 2500 euros ou ao 80% do orzamento que se presente.
- 3.- No caso de duplicidade de concesión, o Concello revocará a súa axuda, con obrigación por parte do beneficiario de reembolsa-la cantidade recibida no prazo de 15 días a contar desde a comunicación. Igualmente procederá a revogación se se descubriese ocultación ou falsidade dos datos.

## Art. 8.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

O procedemento ordinario de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

## Art. 9.- CONVOCATORIA

Quedan excluídas desta convocatoria aquelas actividades ou programas que veñan regulados noutras convocatorias do Concello de Barbadás ou que perciban por parte do Concello calquera outra subvención, sexa esta de tipo ordinario ou extraordinario e aquelas que non cumpran algún requisito das presentes bases.

Os programas para os que se solicita a subvención deberán referirse a: Promoción de actividades dirixidas á realización de actividades puntuais, de carácter anual ou plurianual no eido cultural en todas as súas vertentes.





# Concello de Barbadás

## SOLICITUDES, PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN

- As solicitudes segundo o modelo de instancia normalizado aprobado, subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas á Concello de Barbadás, segundo establece o artigo 14 da lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e mediante a súa presentación no rexistro xeral do Concello ou través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16 da mesma lei.
- O prazo improrrogable de presentación será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto destas bases no Boletín Oficial da Provincia.
- As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

### **Documentación administrativa:**

- a.- Instancia dirixida ó Concello de Barbadás segundo o modelo de instancia aprobado.
- b.- CIF da entidade e DNI da persoa física que a representa. Non será necesaria sempre que a entidade fora beneficiaria de subvención do Concello de Barbadás polo mesmo concepto no ano anterior e que a persoa que a representa sexa a mesma.
- c.- Certificación de conta bancaria da entidade expedida polo banco ou caixa correspondente.
- d.- Declaración responsable segundo o modelo de declaración aprobado, comprensiva do feito de non atoparse incurso a entidade solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria do Estado e Consellaría de Facenda da Xunta) e de Seguridade Social.
- e.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo de declaración aprobado.

### **Documentación obrigatoria para a valoración das solicitudes:**

- a.- Memoria explicativa detallada da actividade para a que se solicita a subvención, conforme o modelo de memoria aprobado.





# Concello de Barbadás

b.- Orzamento de ingresos e gastos previstos para a realización das actividades, conforme co modelo aprobado.

c.- Memoria das actividades dos seis anos anteriores, segundo o modelo aprobado.

d.- Declaración na que se indique que dispoñen de local ou instalación en propiedade (en cuxo caso han de acreditarlo mediante a presentación de copia recibo IBI ou certificación catastral), ou que desenvolven as súas actividades en bens municipais.

Ademais deberá achegarse a documentación que se sinala a continuación:

- Acta fundacional (non necesaria no caso de que a entidade fora beneficiaria de subvención de Concello de Barbadás polo mesmo concepto no ano anterior)
- Certificación bancaria da situación económica actual ou memoria de ingresos e gastos do último ano.
- Acta da última asemblea xeral ordinaria realizada.

## Art.10.- ÓRGANO DE INSTRUCCIÓN

A instrución e ordenación do procedemento de concesión das axudas obxecto destas bases correspóndelle á Concellaría de Cultura.

Contarase cunha comisión de valoración de subvencións que procederá á proposta de concesión de subvencións, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e a puntuación segundo os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A comisión de valoración terá a seguinte composición:

- Presidenta: Concelleira de Cultura ou persoa na que delegue.
- Secretaria: A secretaria do Concello (con voz e sen voto), ou persoa na que delegue.
- Vogais: Dous/dúas traballadores/as municipais, con experiencia no eido da cultura e tramitación de subvencións.

A Comisión de Valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna para a valoración das peticións de subvencións.





# Concello de Barbadás

Os criterios de valoración para a concesión de subvencións, así como para a fixación da súa contía, serán os seguintes:

- A solvencia continuidade e, estabilidade da entidade solicitante no ámbito no que vaia a desenvolver a actividade (ata 1,5 puntos):
  - Máis de 5 anos: 1.5 puntos
  - Entre 2 e 5 anos: 1 punto
  - De 0 a 2 anos: 0.5 puntos
  
- O mantemento dun local social ou instalacións en propiedade (2 puntos).
  
- A orixinalidade do programa ou actividades que desenvolva, o interese xeral e a súa incidencia no ámbito municipal (ata 3 puntos):
  - Proxectos realizados por vez primeira no concello: 3 puntos.
  - Incidencia en varios núcleos de poboación: 1 punto.
  
- Número estimado de persoas que participan e se benefician da actividade (ata 2 puntos):
  - Até 25 participantes: 0,5 puntos
  - De 26 a 50 participantes: 1 punto
  - De 51 a 100 participantes: 1,5 puntos
  - de máis de 100 participantes: 2 puntos.
  
- O grao de coordinación e complementariedade cos programas desenvolvidos polo Concello (ata 7 puntos):
  - Actividades complementarias do Samaín, Magosto, Nadal e Entroido que promovan a cultura e idioma galegos: 2 puntos.
  - Actividades complementarias das Letras Galegas ao longo do ano para o que se solicita a subvención: ata 1 punto.
  - Actividades complementarias con carácter interxeneracional na rúa ou outros espazos abertos: ata 1 punto.
  - Actividades de recuperación do patrimonio material ou inmaterial galego (música, tradición oral, etnográfico...): ata 2 puntos.





# Concello de Barbadás

- Colaboración en programas culturais específicos do concello: ata 1 punto.
- Repercusión territorial (ata 1 punto)
  - Ámbito de parroquia: 0,25 puntos.
  - Ámbito municipal: 0,5 puntos.
  - Ámbito autonómico 0,75 puntos.
  - Ámbito estatal e internacional: 1 punto.
- Potenciación do idioma e a cultura galegas: 1 punto.
- Potenciación da participación en actividades da xuventude na vida social: 1 punto.
- Promoción da igualdade entre homes e mulleres: 2 puntos.
- Realización de actividades innovadoras : 2 puntos.
  - Actividades culturais inclusivas que se realicen con persoas ou colectivos con diversidade funcional: 1 punto.
  - Actividades culturais que se realicen con persoas ou colectivos en risco de exclusión social: 1 punto.
- Realización de gastos relacionados coa iluminación e o son, a escenografía e o vestuario: ata 3 ptos.
  - Por investimentos de ata 500 €: 0,5 puntos
  - Por investimentos de ata 1000 €: 1 puntos
  - Por investimentos de ata 1500 €: 2 puntos
  - Por investimentos de ata 2000 €: 2,5 puntos
  - Por investimentos de máis de 2000 €: 3 puntos
- Realización de gastos relacionados con equipamento xeral: 3 puntos
  - Investimentos de ata 200 €: 1 punto
  - Investimentos de máis de 200 € a 500 €: 2 puntos
  - Investimentos de máis de 500 €: 3 puntos

O valor económico que se asigna a cada punto obtido por cada asociación tense da división do total da partida (7.000 €) entre o número total de puntos obtidos por todas as asociacións e entidades culturais.





# Concello de Barbadás

As actividades levadas a cabo polas asociacións culturais do Concello de Barbadás con dereito a subvención deberán ser publicitadas no idioma galego.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á aplicación 334.480.03 do orzamento xeral do Concello de Barbadás, reservándose para tal fin o correspondente crédito orzamentario.

## Art. 11.- RESOLUCIÓN

A proposta da comisión de valoración elevaráselle ao alcalde do Concello, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses dende o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución seralle notificada a todos os solicitantes.

A resolución entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo dos 10 días seguintes á recepción da notificación da concesión non manifesta nada en contra.

A concesión das subvencións a que se refire a presente convocatoria non implicará relación contractual ningunha de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquera outro tipo entre o Concello e a persoa ou entidade beneficiaria da subvención.

A resolución pon fin á vía administrativa, podendo interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si se optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente a dereito.







# Concello de Barbadás

## Art. 12.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios da subvención terán que atermos ás seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando para elo, tanta información lles sexa requirida.
3. O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:
  - Inclusión da imaxe institucional do Concello de Barbadás ou da Concellaría de Cultura ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada polo Concello, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de ser o caso, na páxina web ou calquera outro medio de difusión empregado pola entidade.
  - Comunicarlle ao Concello a realización de cada un dos eventos ou actividades subvencionadas cunha antelación mínima de 15 días naturais.
4. Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
5. Facilitar tanta información sexa requirida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a Intervención municipal.

## Art. 13.- XUSTIFICACIÓN

Será subvencionable o gasto realizado entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro do ano para o que se solicita a subvención, de acordo co previsto na presente convocatoria, ou para aquelas actividades realizadas no mes de decembro, e excepcionalmente autorizadas, o 15 de xaneiro do ano seguinte.

A data límite de xustificación será o 10 de decembro de 2024, noutro caso, se perderá o dereito a percibir a axuda. Este prazo, así como o da presentación de solicitudes





# Concello de Barbadás

entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- a. Instancia subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria da subvención na que se solicite o seu pagamento, segundo o modelo aprobado
  - b. Conta xustificativa, segundo establece o artigo 75.2 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, integrada polos seguintes documentos:
    - Memoria detallada das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo (nº de actividades, días, usuarios/as, localización, programa...), segundo o modelo aprobado
    - Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
    - Orixinais das facturas xustificativas dos gastos (que han de reunir os requisitos do artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) ou demais documentos de valor probatorio equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral e contar co selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pagamento.
    - Certificado ou declaración emitidos por Facenda Tributaria Estatal, autonómica e Seguridade social de que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas tributarias.
- A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.
- d. Acreditación das medidas de difusión adoptadas: Incluirase unha copia dos documentos gráficos ou outros medios nos que conste que a actividade foi subvencionada polo Concello de Barbadás e/ou a Concellaría de Cultura.

## Art. 14.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán actividades obxecto de subvención ao abeiro da presente convocatoria aquelas levadas a cabo entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro do ano para o que se solicita a subvención. Excepcionalmente





## Concello de Barbadás

poderanse subvencionar actividades realizadas no mes de decembro para o que se faculta á Concellaría de Cultura para a súa autorización.

Non se subvencionarán investimentos reais, sendo o obxecto da subvención reguladas nestas bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades culturais concretas. Para estes efectos, consideraranse investimentos reais as definidas no Capítulo II da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que dispón: “Este capítulo comprende os gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio das actividades das Entidades locais e dos seus Organismos autónomos que non produzan un incremento do capital ou do patrimonio público. Serán imputables aos créditos deste capítulo os gastos orixinados para a adquisición de bens que reúnan algunha das seguintes características:

- a) Ser bens funxibles.
- b) Ter unha duración previsiblemente inferior ao exercicio orzamentario.
- c) Non ser susceptibles de inclusión en inventario.
- d) Ser gastos que previsiblemente sexan reiterativos. Ademais aplicaranse a este capítulo os gastos de carácter inmaterial que poidan ter carácter reiterativo, non sexan susceptibles de amortización e non estean directamente relacionados coa realización dos investimentos.”

O importe que se xustifique en concepto de gasto corrente de administración xeral (alugueiros, pólizas de seguro, luz, teléfono...) non poderá superar o 45% do importe total do presuposto a xustificar. En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello en concepto de tributos municipais nin facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.

Tampouco se considerarán gastos subvencionables a efectos da xustificación destas subvencións a compra ou servizo de alimentos, bebidas ou enseres que non poidan ter a consideración de material funxíbel imprescindible para a realización da actividade.

No caso da organización de eventos culturais que conleven a participación de agrupacións culturais de fóra do Concello de Barbadás financiarase ata o 20 % das facturas presentadas en concepto de alimentos e bebidas non alcohólicas, sempre que se xustifique na memoria a participación destas





# Concello de Barbadás

agrupacións culturais. Quedan totalmente excluídos como gastos subvencionables os produtos de limpeza.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente, ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, comezarase a instrución do expediente coa comprobación da corrección da documentación achegada. Examinada a documentación, a Concellaría de Cultura, concederá, de ser o caso, un prazo de dez días hábiles para a emenda das deficiencias materiais detectadas. Transcorrido dito prazo, se é o caso, procederase de conformidade coas seguintes regras:

- a.- Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- b.- Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, pasando á comisión de valoración para que formule a proposta de valoración das solicitudes conforme aos criterios recollidos nestas bases.

## Art. 15.- PAGAMENTO

O pagamento realizarase unha vez xustificada de modo completo a subvención concedida mediante transferencia á conta correspondente sinalada pola entidade beneficiaria.

A falta de acreditación de gastos, así como as deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario, dará lugar ao rateo automático da cantidade subvencionada.

No suposto de que a suma da subvención municipal máis os ingresos por outros conceptos (subvencións, achegas dos participantes, etc) supere o 100% do custo da actividade, a subvención será reducida até chegar ao 100% do custo.

## Art. 16.- REINTEGRO DE SUBVENCIONES





# Concello de Barbadás

No caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións procederáse á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito á subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose o acordo co principio de proporcionalidade.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento xeral de Recadación.

## Art. 17.- INFRACCIÓNS E SANCIONES

En materia de infraccións e sancións ateranse ao disposto no título IV da Lei 38/2003 xeral de subvencións, así como no Real decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2008 xeral de subvencións.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto nas Leis e nos Reais Decretos e demais disposicións de rango superior que fagan referencia á concesión de subvencións no ámbito estatal e da Comunidade.

## DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia previo envío a Base de Datos Nacional de Subvencións.

## DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

